

**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A CORPORACIÓN RADIO E
TELEVISIÓN DE GALICIA SA, PARA COLABORAR NO DESENVOLVEMENTO DA
GALA DE ENTREGA DOS PREMIOS aRi(t)mar**

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

REUNIDOS

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia SA, con enderezo social no Centro Emisor de San Marcos s/n, Santiago de Compostela, C.I.F. A-15073349 que actúa en virtude do seu nomeamento polo Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, SA, en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos estatutos sociais.

EXPOÑEN

1. Que, de acordo co que dispoñen o Estatuto de autonomía para Galicia e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a responsabilidade de levar a cabo as medidas necesarias para acadar a normalización plena da lingua galega lle corresponde ao Goberno galego, quen deberá garantir o seu uso como lingua cooficial e adoptar as medidas oportunas para o seu fomento. No ámbito da Administración Autonómica de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento

que ten atribuídas, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega.

2. Que o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, establece como obxectivos centrais da área de medios de comunicación a necesidade de incrementar anualmente e de maneira constante o uso do galego nos medios públicos e privados, lograr unha ampla oferta informativa, de temática variada e de calidade e incrementar a presenza do galego na publicidade. Que así mesmo, as partes convenientes queren colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 4 de agosto de 2016, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a dinamización plena do idioma galego, estendendo o seu uso ao ámbito económico nas relacións laborais, comerciais e empresariais, establecendo entre as súas actuacións, a realización de actividades de promoción do galego nos medios de comunicación para o seu reforzamento no ámbito socioeconómico.

3. Que a Corporación Radio Televisión de Galicia SA, é unha sociedade mercantil pública autonómica que ten entre os principios inspiradores da súa actividade de comunicación audiovisual a promoción e difusión da cultura e lingua galegas. A prestación do servizo de comunicación audiovisual realizase en lingua galega.

4. Que a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía establece no seu artigo 4 que a Xunta de Galicia promoverá e estimulará ante o Goberno a adopción de cantas medidas sexan necesaria para a aplicación das disposicións da directiva 2007/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello Europeo, de servizos de medios audiovisuais sen fronteiras, co fin de favorecer e permitir a reciprocidade das emisións televisivas e radiofónicas entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a República de Portugal, coa que comparte patrimonio lingüístico.

5. Que aRi[t]mar Galicia e Portugal é un proxecto didáctico-cultural desenvolvido a iniciativa do equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela que ten por obxectivo dar a coñecer e difundir a poesía e a música editadas no ano 2016 en Galicia e en Portugal, amais de achegar as linguas e as culturas que configuran os dous territorios ás dúas beiras do Miño. Que aRi(t)mar distingue catro categorías de premios votados pola comunidade educativa

virtual e social da Escola Oficial de Idiomas e mais polo público xeral galego e portugués entre dez poemas e cancións finalistas seleccionadas por un xurado que integran os membros do seu EDLG.

Polo exposto, as partes asinantes formalizan este protocolo, de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira

Este protocolo ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Corporación Radio e Televisión de Galicia SA, para colaborar no desenvolvemento da Gala de Entrega dos Premios aRi(t)mar.

Segunda

A finalidade deste protocolo é divulgar a musica e a poesía galego-portuguesa actuais e achegar as culturas e as linguas de Galicia e da Republica de Portugal no marco do desenvolvemento da Lei Valentín Paz Andrade para o aproveitamento do ensino ensino do portugués e vínculos coa lusofonía.

Terceira

Mediante a sinatura deste protocolo as partes asinantes comproméntese a realización das seguintes accións:

A Corporación Radio e Televisión de Galicia SA, a traves das canles de Televisión Galicia e da Radio Galega:

- Realizará, en atención ao seu interese informativo e en función dos seus criterios editoriais, un seguimento das actividades desenvolvidas ao abeiro do citado proxecto aRi(t)mar nos espazos no que se inclúa información sobre eventos culturais
- Proporcionará en atención ao seu interese informativo e en función dos seus criterios editoriais, información nas datas previas á celebración da Gala de Entrega dos Premios aRi(t)mar nas redes sociais dependentes da CRTVG, entrevistas ao promotores do proxecto e calquera outra acción que teña por obxecto a divulgación dos premios.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística:

- Prestará apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste protocolo.
- Contribuirá á difusión e á divulgación dos premios a través da páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística w.w.w.lingua.gal e outras redes sociais.

As partes asinantes deste protocolo facilitaranse entre si e intercambiarán mutuamente toda aquela información que se considere útil para este proxecto.

Cuarta

Todas as actividades que se realicen ao abeiro deste protocolo deberanse levar a cabo de acordo co indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial, nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Será considerada causa específica de resolución deste protocolo o incumprimento desta cláusula.

Quinta

Nas actuacións informativas e divulgativas, así como nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste protocolo, farase constar nun lugar destacado a colaboración das partes asinantes e utilizaranse, os anagramas ou logos que correspondan, segundo o previsto pola normativa de identidade corporativa da Xunta de Galicia e da CRTVG.

Sexta

A CRTVG terá sobre as súas gravacións todos os dereitos que a lei de propiedade intelectual lle confire, tanto pola propia emisión como pola toma das imaxes por equipos propios da CRTVG, mentres que, os dereitos de todas as imaxes tomadas polos medios propios do desenvolvemento da gala de entrega dos premios serán de propiedade intelectual dos promotores desta iniciativa aínda que se lle cederán gratuitamente á CRTVG para a súa comunicación pública por calquera tipo de sistema, para todo o mundo, sen límite de países e ata a entrada das gravacións no dominio público.

Sétima

Este protocolo estará vixente dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2017, agás que sexa denunciado por escrito por algunha das partes por incumprimento dos compromisos que nel se recollen cun mes de antelación polo menos.

Oitava

Este protocolo resolverase:

- Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

A posible discrepancia na aplicación e/ou interpretación deste protocolo resolverase co diálogo directo entre as partes.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asínanse tres copias deste protocolo.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O director xeral da Corporación Radio e
Televisión de Galicia SA

Román Rodríguez González

Alfonso Sánchez Izquierdo,